

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Francisco Salinas Portugal, profesor titular de universidade da área de coñecemento de filoloxía galega e portuguesa, do departamento de Filoloxía Francesa e Galego-Portuguesa, desta universidade.

A Coruña, 18 de xaneiro de 1994.

José Luis Meilán Gil
Rector da Universidade da Coruña

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 17 de xaneiro de 1994 pola que se nomea catedrático de universidade da área de coñecemento de enxeñería química, do departamento de Enxeñería Química, a José Enrique Tojo Suárez.

Consonte coa proposta elevada pola comisión constituída para xulgar o concurso convocado por resolución da Universidade de Vigo do 4 de febreiro de 1993 (BOE do 24 de febreiro), para a provisión dunha praza de catedrático de universidade da área de coñecemento de enxeñería química, do departamento de Enxeñería Química da Universidade de Vigo, a prol de José Enrique Tojo Suárez, DNI 33.233.630, e cumprindo o interesado os requisitos a que alude o apartado 2º do artigo 5 do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro;

Este rectorado, no uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a José Enrique Tojo Suárez, catedrático de universidade da área de coñecemento de enxeñería química, do departamento de Enxeñería Química, desta universidade.

Este nomeamento producirá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión polo interesado, que deberá efectuarse no prazo máximo de un mes, a contar desde o día da publicación da presente resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Vigo, 17 de xaneiro de 1994.

Luis Espada Recarey
Rector da Universidade de Vigo

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO TRES DE OURENSE

Edicto (239/1991).

En virtude do acordado pola xuiza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Arzúa, en sentenza recaída nos autos de xufzo declarativo ordinario de

menor contía nº 239/1991, seguidos por instancia de *Mapfre Finanzas, S.A.*, representada nos autos polo procurador Ricardo García Piccoli, contra Isaac Fernández González, notifícaselle ó expresado demandado a sentencia dictada nas ditas actuacións que no seu encabezamento e parte dispositiva é do teor literal seguinte:

«En Arzúa o trinta de xullo de mil novecentos noventa e tres. Vistos por Dolores de los Ríos Anderez, xuiza de primeira instancia e instrucción de Arzúa, os presentes autos de xuiza de menor contía nº 239/1991, promovidos polo procurador Ricardo García Piccoli, en nome e representación de *Mapfre Finanzas, S.A.*, contra Isaac Fernández González, declarado en rebeldía.

Decido que debo estimar e estimo a demanda interposta polo procurador Ricardo García Piccoli Atanes, en nome e representación de *Mapfre Finanzas, S.A.*, entidade de financiamento, e na súa consecuencia debo condenar e condeno a Isaac Fernández González, a que lle aboe á demandante a cantidade de cincocentas correnta e nove mil duascansas sesenta pesetas (549.260 ptas.) mailos xuros legais e custas.

Contra a presente resolución poderá interponerse recurso de apelación perante a Audiencia Provincial da Coruña no prazo de cinco días.

Así por esta miña sentencia da que se levará certificación á causa, pronúncio, mándoo e asínoo».

E para que sirva de notificación ó demandado Isaac Fernández González, declarado en rebeldía, expido o presente edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*, que asino en Arzúa o vintecastro de xaneiro de mil novecentos noventa e catro.

A secretaria
Rubricado

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO TRES DE OURENSE

Edicto (261/1993).

Olegario Somoza Castro, maxistrado-xuiz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número tres de Ourense, polo presente edicto fago saber que neste xulgado, e por instancia de Alberto Iglesias Díaz, se trata expediente, co número 261/1993, sobre declaración de falecemento dos seus tíos Maximina Díaz Prieto e Aurelio Díaz Prieto, naturais de San Cibrao das Viñas, fillos de Benigno e Salvadora, nacidos en 1903 e 1905, respectivamente, os cales emigraron a Cuba no ano 1925 en estado de solteiros e dos cales non se volveron ter noticias desde hai máis de trinta anos; e neste expediente acordei, en virtude do establecido no artigo 2.042 da Lei de axuizamento civil, a publicación do presente edicto, cun intervalo de quince días, dando coñecemento da existencia do referido expediente.

Dado en Ourense o trece de xullo de mil novecentos noventa e tres.

O secretario xudicial
Rubricado

**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E
INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA**

Cédula de citación (85/1992).

Pola presente cédula, que expido en méritos do acordado en autos de xuízo de faltas 85/1992, sobre lesións en atropelo, citase a Benedicto Caamaño Veiga, para que compareza perante este Xulgado de Instrucción número un, sito na rúa Algalia de Abaixo 24-1, coa maior brevidade posible, co fin de notificárollo no presente procedemento.

O secretario
Rubricado

Edicto (420/1993).

Manuel Pérez Echenique, maxistrado-xuíz do Xulgado número un de Santiago de Compostela, fai saber:

Que neste xulgado se dictou sentencia no xuízo executivo número 420/1993, con data do cinco de xaneiro de mil novecentos noventa e catro, cun encabezamento e parte dispositiva que son do teor literal seguinte:

«Vistos por Manuel Pérez Echenique, maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia número un deste partido, os autos de xuízo executivo número 420/1993, seguidos entre partes, dunha, como demandante, *Caixa de Aforros de Galicia*, representado pola procuradora Losada Gómez, e defendido polo letrado Pardo Pedernera; doutra, como demandado, incomparecido e en situación procesual de rebeldía *Loufi, S.L.*, José Luis Fidalgo Fidalgo, José Miguel Louzao Reymóndez e María del Carmen Otero Remesar,

Resolvo que debo mandar e mando seguir adiante a execución despachada neste proceso contra *Loufi, S.L.*, José Luis Fidalgo Fidalgo, José Miguel Louzao Reymóndez e María del Carmen Otero Remesar, facendo remate dos bens embargados e que se embarguen e co su producto enteiro e cumprido pagamento á parte executante da suma principal de 5.614.620 pesetas, gastos, intereses pactados e legais, e custas causadas e que se causen, que preceptivamente se lle impoñen á parte debedora, a quen lle será notificada esta sentencia na forma e modo que dispón a lei para os rebeldes, facéndolle saber ás partes que esta resolución non é fime e que cabe recurso de apelación dentro do termo de cinco días.

Lévese certificación ó preito principal.

Así, por esta miña sentencia, definitivamente xulgado en primeira instancia, pronúncio, mándoo e asínoo».

E para que lles sirva de notificación ós demandados rebeldes *Loufi, S.L.*, José Luis Fidalgo Fidalgo, José Miguel Louzao Reymóndez e María del Carmen Otero Remesar, expido o presente edicto que asino e selo en Santiago de Compostela o doce de xaneiro de mil novecentos noventa e catro.

O maxistrado-xuíz
Rubricado

O secretario
Rubricado

VI. ANUNCIOS

**a) DA ADMINISTRACIÓN
AUTONÓMICA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Resolución do 2 de decembro de 1993, da Dirección Xeral de Educación Básica, pola que se anuncia o extravío dun título de graduado escolar.

Extraviado o título de graduado escolar a favor de José Luis Fernández Fieiras, anúnciase o seu extravío para efectos de expedición do correspondente duplicado.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 1993.

Jaime García García
Director xeral de Educación Básica

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

Resolución do 3 de decembro de 1993, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se abre información pública para a autorización administrativa e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 52.823).

Para os efectos previstos nos decretos 2.617 e 2.619/1966, do 20 de outubro, sométese a información pública a solicitude da empresa *Unión Eléctrica-Fenosá, S.A.*, co enderezo na r/ Severo Ochoa, nº 2, 15008 A Coruña, para a autorización administrativa e declaración de utilidade pública da instalación que segue:

Anteproxecto da liña eléctrica aérea de alta tensión, a 132 kV en dobre circuito, sobre apoios metálicos e conductor LA-180, de 4.750 m de lonxitude, co orixe na liña de alta tensión San Marcos-O Pedrido e remate na futura subestación de Sada.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar-las súas reclamacións ou oposición, no prazo de trinta días, nesta delegación provincial, edificio administrativo Monegos, 15071 A Coruña.

A Coruña, 3 de decembro de 1993.

Juan Ignacio Lizaur Otero
Delegado provincial da Coruña